

A ALTERNANCIA: UN CONCEPTO EN ALZA PARA A FORMACIÓN

ANTONIO RIAL SÁNCHEZ / M. CARMEN SARCEDA GORGOSO
Departamento de Didáctica e Organización Escolar
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 10 novembro 1998

Aceptado: 14 decembro 1998

Resumo: *Dentro da formación profesional, e en calquera dos seus tres subsistemas (inicial, ocupacional e continua), un dos elementos que máis auxe está adquirindo nos últimos anos é a combinación entre formación en institucións especializadas e formación en centros de traballo. Este proceso, asociado ó exercicio dunha actividade profesional, é o que se coñece como alternancia. Neste traballo ofrecemos unha visión global da alternancia tanto en Europa como no contexto español, tratando de delimitar-las súas características xerais e, de maneira máis específica, as esixencias que presenta en canto á súa integración como un proceso formativo que realmente sexa promotor dunha verdadeira profesionalización.*

Palabras clave: *Alternancia / Formación en centros de traballo / Formación para o traballo / Formación profesional / Integración empresa-formación.*

ALTERNATION: AN UP-AND-COMING CONCEPT IN PROFESSIONAL TRAINING

Summary: *Within the vocational training, in any of its three subsystems (initial, occupational and continuous), one of the most significant elements in recent years is the combination between training in specialized institutions and training in the workplace. This process, associated with the performance of a professional activity is known as alternation. In this paper, we offer a global view of alternation both in Europe and in Spain trying to delimit its general characteristics and, in a more specific way, its requirements in order to be integrated as a training process that will really bring about a genuine professionalization.*

Keywords: *Alternation / Training in the workplace / Training for work / Vocational training / Enterprise-training integration.*

INTRODUCCIÓN

Sen lugar a dúbidas, unha das modalidades formativas que máis auxe experimentou nos últimos anos foi a *formación en alternancia*. Cada vez con maior forza e intensidade reclámase, dende diversos axentes e de maneira xeneralizada, unha formación que combine e asocie a formación recibida nos centros educativos co exercicio da actividade profesional nos contextos productivos nos que ten lugar. Tomando como referencia o contexto europeo (no que adquire a súa maior importancia), o CEDEFOP (Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional) reserva este termo para aquelas situacións que reflectan unha determinada relación entre contextos educativos e contextos productivos, de maneira que cando menos un 20% do currículo formativo ha estar destinado á formación realizada en

centros de traballo ou en institucións especializadas, respectivamente. Por outra parte, a Comunicación da Comisión das Comunidades Europeas, de 29 de outubro de 1974, sobre a formación en alternancia é definida como *un proceso de formación asociado ó exercicio dunha actividade profesional no lugar de traballo coa formación adquirida nun servicio, nunha organización ou nun centro de formación.*

Esta formulación xeral pode adquirir formas moi diferentes de realización: dende as estadias escolares ou prácticas nas empresas, destinadas a completa-la formación académica, ós diversos formatos de prácticas en centros de traballo, engadidas ó final do proceso de formación, ou á alternancia, no seu formato máis auténtico, como *partenariado* formativo entre axentes de formación de diferente natureza.

Neste traballo centrarémonos exclusivamente na análise da alternancia escolar, é dicir, a formación inicial no que se supón de complementación da formación académica cunha formación profesional dentro das propias empresas. Neste contexto, non son as empresas quen toman a iniciativa da alternancia, senón as escolas as que mandan a aquelas a posibilidade de recibir alumnos para que desenvolvan alí as súas prácticas.

A FORMACIÓN PROFESIONAL E A ALTERNANCIA EN EUROPA

Un aspecto importante, en relación coa alternancia, é a traxectoria que nas dúas últimas décadas experimentou a Formación Profesional, tanto no ámbito europeo como no español posto que dende o ano 1976, e ata a actualidade, diversos programas comunitarios foron marcando as liñas básicas que configuran a formación profesional. Neles deterémonos de seguido.

O CONTEXTO EUROPEO

1) *Programa de Acción comunitaria sobre formación profesional dos mozos e a súa preparación para a vida adulta e profesional.* En virtude de dúas resolucións do Consello de Ministros de Educación da Comunidade Europea, de 9 de febreiro e de 13 de decembro de 1976, establécese o Primeiro Programa "Transición I" (1976-1983). Neste programa establécese seis temas prioritarios e un deles refírese á *mellora da formación profesional mediante a cooperación entre o sector da instrucción e o do traballo, tanto durante os últimos anos do período de ensinanza obrigatoria como durante a formación non-obrigatoria.* As conclusións desta primeira experiencia foron asumidas e quedaron reflectidas no Segundo Programa "Transición II" (1983-1987), no cal volve ter relevancia o ámbito que se refire á *utilización do contexto extraescolar como recurso pedagóxico, a fin de que permita tanto ós rapaces como ós profesores adquirir unha experiencia do mundo do*

trabalho, aprofundar na súa comprensión dos mecanismos sociais e utilizar na práctica aptitudes vitais e sociais. Como podemos apreciar, a alternancia —aínda que de maneira implícita— preséntase como un aspecto prioritario sobre o que se han de dirixi-las actuacións.

- 2) O programa *PETRA*, adoptado por decisión do Consello de Ministros das Comunidades Europeas, de 1 de decembro de 1987, e dirixido fundamentalmente ó aumento da calidade da formación profesional e á diversificación da oferta de formación cara a un total recoñecemento das cualificacións. Dentro deste programa destaca a *Rede europea de proxectos asociados de formación*, iniciativa creada en 1988 e que formula como prioridade para o período 1988-1991 o desenvolvemento da formación baseada na alternancia. Este programa *PETRA* tería continuación nunha segunda fase (*PETRA II*) para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 1992 e o 31 de decembro de 1994.
- 3) O *Proxecto correspondencia de cualificacións de formación profesional*, centrado en diferentes profesións e cuns resultados que ofrecen tanto unha descrición a escala comunitaria das esixencias profesionais prácticas como un cadro comparativo dos diferentes diplomas, certificados e outros títulos de formación profesional, así como outros programas como *FORCE*, *EUROFON*, *NOW*, *HORIZON*, *EURO-TENECT* ou *LINGUA*, centran a súa actuación tamén na formación profesional aínda que non inciden directamente en aspectos relativos á alternancia.

0 CONTEXTO ESPAÑOL

Como trazo característico da nova formación profesional que se formula actualmente, poderíamos sinalar, en relación co tema que nos ocupa, o obxectivo de garantir (cando menos para a formación profesional inicial) a realización de prácticas formativas nas empresas ou nos centros de traballo. No caso da formación profesional regrada, é unha esixencia imposta polo artigo 34.2 da LOXSE; no caso da formación profesional ocupacional, este obxectivo figura expresamente no seu plan estratéxico.

A característica máis relevante da formación en centros de traballo é que se ha desenvolver nun ámbito productivo real, onde os alumnos poderán observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo dunha profesión, poderán coñecer *in situ* a organización dos procesos productivos ou de servizos e comprende-las relacións laborais na empresa ou no lugar de traballo, orientados e asesorados en todo momento por titores designados para ese fin polo centro educativo e polo centro de traballo.

Entre os seus obxectivos deben destacarse os de:

- 1) contribuír a complementa-los coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos nos centros formativos;

- 2) facilita-la aplicación dos coñecementos tecnolóxicos adquiridos nos procesos productivos reais e concretos que se desenvolven nos centros de produción ou de prestación de servizos;
- 3) posibilita-la adquisición de novas técnicas e capacidades que, pola súa natureza e características, requiren de medios e estruturas productivas que son propias dos centros de traballo; e
- 4) fomenta-lo sentido da autonomía e da responsabilidade, mediante a aprendizaxe da busca de solucións e a resolución de cuestións profesionais que se presentan na realidade laboral.

En relación con isto, o obxectivo do Programa nacional de formación profesional non pode ser outro có de fomentar e promove-la participación e maila colaboración de institucións, organizacións e empresas para que en cada territorio e para que en cada sector productivo as prácticas en alternancia ou a formación en centros de traballo se realicen nas mellores condicións de calidade.


INTEGRACIÓN DA ALTERNANCIA

Pretender unha xestión integrada da alternancia supón promover unha estreita articulación entre produción de competencias en situación de traballo e produción de competencias en situación de formación. Esta función de integración remítenos a dúas dimensións:

- unha complementación institucional e de competencias entre os lugares e os actores da formación (formadores nos centros e titores nas empresas); e,
- unha toma en consideración das situacións de traballo de cara á determinación dos contidos, a organización e a xestión das accións.

Tomando como base un traballo realizado no marco do progrma PETRA (caracterizado en páxinas anteriores) e levado a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Conservatoire National des Arts et Métiers (CNAM) de París, durante o período 1991/ 1994¹, pódense identificar cinco factores esenciais que posibilitan a integración entre traballo e formación e, polo tanto, da alternancia. Estes factores serían os que presentamos a continuación:

¹ Na investigación participaron, por parte da Universidade de Santiago de Compostela, un equipo formado por Miguel A. Zabalza (director), Eulogio Pernas, Elvira Cerdeiriña, Elisa Jato, Faustino Salgado e Antonio Rial. A orientación metodolóxica foi cualitativa mediante a realización dun estudo de campo sobre seis casos de formación en alternancia (tres en Galicia e tres en Francia). O proceso seguido estivo constituído polas seguintes fases: a) reunións exploratorias con axentes da formación en alternancia e responsables dos programas para identifica-las variables máis significativas da formación en alternancia; b) elaboración de instrumentos para a análise da alternancia (construción dunha guía de entrevista, fundamentalmente); c) estudo de casos a través da realización de entrevistas.



No que se refire ás *expectativas da empresa*, constátase como factor esencial para unha maior integración o feito de que a empresa posúa un proxecto real de cambio interno, de maneira que non se trate só de recrutar un asalariado suplementario senón de procurar que o dispositivo de formación acompañe e estructure un cambio en curso da empresa, facilitando unha reflexión *a partir e sobre* as actividades. A *coherencia de intereses* entre centro de formación e empresa, é dicir, os obxectivos explícitos dos diferentes protagonistas que interveñen na xestión dun dispositivo de alternancia sería o segundo factor que cómpre ter en conta. Os resultados obtidos móstrannos cómo unha relación de *partenariado* que permita afrontar unha integración real entre formación e traballo non pode existir se a empresa e o centro de formación non se poñen de acordo sobre os seus intereses converxentes.

Por outra parte, *a vontade explícita do dispositivo de alternancia de transformar os operadores e as operacións de traballo conxuntamente* constitúe outro dos eixes sobre os que se asenta a integración, posto que non cabe dúbida de que a formación ha de asentarse nunha relación dos contidos co medio profesional inmediato, tomando en conta as situacións reais como situacións xeradoras de problemas e xeneralizando as prácticas, a partir de reflexións colectivas, para transformalas. Desta maneira, a estreita relación entre situación de traballo e situación de formación expresaríase, tanto mellor, cando a situación de traballo é tamén situación de formación, incluso se esta se efectúa fóra do taller ou da oficina. Xunto con isto, *os grupos articuladores da situación de formación-situación de traballo* móstranse como elementos clave. A existencia de momentos de reunión entre os diferentes actores do programa, con obxectivos e formas de traballo específicos, permiten o desenvolvemento de novas capacidades que poidan desenvolver comportamentos profesionais favorables de cara á constitución e mantemento da relación entre situación de formación e situación de traballo, á vez que posibilitan efectos de transformación entre os titores e os formadores.

Por último, habería que ter en conta as *características identificadoras dos axentes responsables da integración*; neste punto considérase importante posuír determinadas características identificadoras que permitan favorecer a articulación traballo-formación, características que estarían encamiñadas a desenvolver unha dobre competencia: para os titores duplica-lo coñecemento da práctica profesional cunha capacidade de explicación e análise desta; e, para os formadores e coordinadores, duplica-lo seu coñecemento da práctica de formación cunha capacidade de análise das situacións profesionais a través da que se poida inferir as necesidades de formación.

CONSECUENCIAS PARA A FORMACIÓN

Logo desta breve aproximación ó concepto, características e requisitos da alternancia, cabe facer unha reflexión sobre o exposto. Non hai dúbida sobre a necesidade de formular unha formación que xurda do propio mundo do traballo e na que esta se organice tomando como referencia os contextos productivos para os que se forma.

Unha das críticas máis reiteradas á actual formación profesional radica no desfacemento existente entre os contidos da formación impartida e as demandas das diferentes profesións. A cada vez máis rápida tecnoloxización dos contextos productivos, xunto coa evolución dos perfís profesionais, fai necesaria e urxente unha nova organización da formación na que os seus contidos proveñan das necesidades reais. Estas necesidades poderían ser detectadas a través da creación de pontes e nexos de unión entre institucións formativas e empresas, de maneira que se promova unha verdadeira integración entre formación e traballo, para o cal é imprescindible un cambio de mentalidade e unha reconceptuación da alternancia.

Non se trata de ter alumnos ocupados determinadas horas en empresas senón, sobre todo, de facer dese momento un lugar de reflexión e unha oportunidade de aprendizaxe: aprendizaxe para o alumno que toma contacto co mundo do traballo, aprendizaxe para o coordinador do centro educativo e aprendizaxe para o titor na empresa. O labor de tódolos implicados e comprometidos coa alternancia debe ir encamiñado cara a unha optimización dos recursos e medios dispoñibles dende os distintos escenarios, de maneira que o traballo conxunto poida repercutir nun proxecto de formación realmente integrado e, por riba de todo, formativo.

BIBLIOGRAFÍA

- ALALUF, M. (1991): *Formación Profesional 2/199*. CEDEFOP.
 CEDEFOP (1990): *Perspectivas de formación profesional para determinados Estados membros de la Comunidad Europea. Informe de síntesis para Francia, Grecia, Italia, Portugal, España y Reino Unido*.
 CEDEFOP (1992): *Les profils des conseillers d'orientation professionnelle dans la Communauté Européenne*.

CEDEFOP (1993): *Formation et marché du travail: quelle information, quelles approches, dans la perspective comparative.*

D'IRIBARNE, A. (1994): "El mercado de trabajo y la construcción europea ponen a prueba la política europea de educación y formación profesional", *Formación Profesional*, 3. CEDEFOP.

GERAINT, J. (1993): *Economía de la educación: capital humano, rendimiento educativo y mercado de trabajo.* Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.

RIAL SÁNCHEZ, A. (1997): *La Formación Profesional. Introducción histórica, diseño de currículo y evaluación.* Santiago de Compostela: Tórculo.

